

Antón Cortizas: “Quen che me dera ter un lapis que escribise comigo historias rebentadas de beleza e mestría!”

Carlos Loureiro Rodríguez 10 de xuño de 2015

<https://www.noticieirogalego.com/anton-cortizas-quen-che-me-dera-ter-un-lapis-que-escribise-comigo-historias-rebentadas-de-beleza-e-mestria/>

Antón Cortizas Amado (Ferrol, 1954) ten unha vida literaria practicamente dedicada á literatura infantil, tocando neste apartado todos os xéneros como pode ser narrativa (*Memorias dun río* -Premio Barco de Vapor, 1988-; *O conto dos sete medos* -Premio Barco de Vapor, 1991-; *A merla de trapo* -Premio Merlín, 2001-...), teatro (*O coleccionista de sombras* // *O incríbel invento de Solfis, a pianista*...) ou poesía (Historias, e algún percanse, todas ditas en romance // Dominicus, o dragón...)

Normalmente un creador de historias xa é desde cativo pero que isto xurda como reacción á utopía de pretender cambiar o mundo, como por algures deixaches ti escrito...

E mais si, eu tamén dende cativo argallaba mundos. E todo canto respirei dende aquela colocoume na xanela dende a que se pode ollar un mundo mellor, non máis xusto, senón autenticamente xusto. A igualdade non é igualdade se é apenas semellanza. Hai que aspirar sempre ao máximo de xustiza, de respecto, de empatía, porque os seres humanos temos o pensamento e a capacidade de facer as cousas doutro xeito a como se fan aquí e acolá... Mais non podemos porque a idea fundamental que rexe a nosa sociedade é a do poder, a de ser e gañar máis có outro, a de pensar que estamos por riba dos demais, a da dominación, a da lei do máis forte, a do deus diñeiro como único e disfrazado tótem... E iso é o que a xente escolle de forma aparentemente libre. Estás sendo menosprezado e ti vas e aplaudes a quen te menospreza. Isto é o que acontece... Que lle imos facer, eu non gosto disto.

Mais iso muda nas historias que escribo, en todas, por moi inocentes que algunhas poidan parecer. Nelas, as ideas que trunfan son a da solidariedade, a xustiza, o respecto, a colaboración. Mentres escribo unha historia, uns versos, un soño..., o mundo é diferente. Mentres o autor escribe é o modelador da vida. Así, mentres imaxinas historias, coidas que vives nun mundo mellor. Hai que soñar con Utopía, para que algún día Utopía deixe de ser un soño.

Son moitas as historias que deixaches no faiado da memoria, pero cantas quedaron nos baúis reais de Antón Cortizas que aínda non cobraron vida?

Son varios os traballos que dormen nas gabetas do meu gabinete. Até hoxe, sete poemarios (digamos que de adultos), algún texto dramático, dúas obras de narrativa infantil, outros dous textos pensados como álbum infantil ilustrado para os máis cativos, e outras cousas breves e soltas por aí. Proxectos inacabados tamén hai varios, durmindo en amor e compañía cos anteriores. Supoño que a maioría nunca chegarán a nacer de todo. Intento ás veces recuperar proxectos encetados hai anos, mais novas argalladas se meten polo camiño e nacen antes de quen primeiro foi concibido. Encol dos que están, ao meu ver, feitos de todo, que sei eu o que será deles... Hai froita madura que cae da árbore sen que ninguén chegue nunca a saboreala, nin para ben nin para mal.

Neste xornal existe un apartado -"Picaraxadas"- de como facermos diferentes xogos infantís... ti, que tamén tes experiencia neste apartado, especialmente na recuperación dos xoguetes tradicionais -*Tastarabás* // *Chirlosmirlos*-, cres que aqueles xogos eran moito máis creativos ca os de hoxe? Non sería tremendamente importante promocionar isto no ensino como maneira de levar os xogos cara unha vertente menos individualista?

Manolo García e Pepe López, os autores de *Picaraxadas*, son uns imprescindíbeis alicerces da divulgación da lúdica tradicional. E aí están, ademais da súa fermosa sección neste xornal, os seus dous últimos libros de brinquedos das catro estacións e os dous volumes de *Xoguetes esquecidos*... Eles e tanta boa xente de Brinquedia, do Museo do Brinquedo do CEIP Mosteiro de Caaveiro, da Capela; da Asociación Galega do Xogo Tradicional e Popular, de Melide; Ponte nas Ondas; o grupo Xotramu, de Muimenta; os do grupo de Xogos tradicionais do Grove; Sedega de Narón; os da LNB, liga nacional de billarda; os equipos de xogo da chave e dos birlos de todo o país; as cada vez máis numerosas escolas que teñen o xogo popular incrustado no currículo, como debe ser; e tantos outros que saberán perdoar non poder citalos a todos...

Todos nós sabemos moi ben que os xogos e brinquedos tradicionais desenvolven unhas capacidades que os xogos electrónicos non contemplan. Eu son dos que pensan que hoxe o xogo tradicional, o que nos ensinou a medrar a moitos, debería ter o seu niño nas escolas e seren as escolas os lugares primeiros da súa práctica, xa que na vida cotiá e na familia semella que isto acabou.

Ah, e non só levaches estes xogos tradicionais ao ensaio senón que tamén á túa literatura como un complemento esencial (*Xogando con gatos*...). Outro modo de te chegar máis de preto aos cativos, ou non?

Certo, o teatro tamén pode ser unha forma máis de divulgar a marabillosa cultura lúdica que posuímos e que estamos deixando perder. Que ninguén se ofenda se digo, ben claro mais con agarimo e non falta de saudade, que somos moi parvos, moi pouco intelixentes, ben pouco cultos cando deixamos perder tantos tesouros que colectivamente fomos construíndo dende o amencer da nosa existencia, como son o xogo e o brinquedos tradicionais ou a lingua. Ás veces a saudade lévame a dubidar se somos merecentes do ar que respiramos.

Con *Xogando con gatos*, pretendín explicar, mediante un texto dramático, este fenómeno do esquecemento daquilo que é esencialmente humano: a amizade, o estar a carón do outro, o de brincar en grupo de forma divertida, libre, gratuíta, solidaria, creativa... A miña intención foi dar valor ao xogo tradicional por riba do xogo electrónico, contando a historia dunha meniña que

está até os fociños de enredar a soas con pantallas. Sae á rúa e o único que atopa son uns gatos vadíos que nunca esqueceron os xogos de xogar en creatividade e liberdade.

Tamén cómpre aclarar que unha cousa non quita a outra. Os tempos mudan e as formas de vivir o ocio tamén. Os novos xogos de pantalla, os xogos de taboleiro e o xogo tradicional, non son excluíntes, pódense compatibilizar, cada cal ten os seus momentos e os seus escenarios, mais antes que o circuío electrónico están os circuítos sanguíneo, nervioso, linfático... Enténdese?

A literatura infantil foi un dos eixes básicos na normalización da nosa literatura especialmente a finais do século pasado... Non cres que tería que ter de novo un forte pulo, máxime nestes intres onde o conflito lingüístico está moi presente?

Pois... os galegos temos demostrado que somos quen de desenvolver e crear beleza dende nós, dende o que somos e dende o tamaño que temos: literatura, música, arte... A literatura é a expresión da beleza da lingua e do pensamento. Os intentos de normalización da lingua deste país, fixeron xermolar unha excelente literatura infantil e da outra. Mais por parte dos dirixentes que tivemos até agora eses intentos foron sempre fracos, falsos, débiles... e mesmo nulos e contrarios a nós. A lingua, ou se apoia ou se machaca. E o galego non se apoiou o suficiente, a pesar de que o goberno central asinou voluntariamente a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, prometendo o máximo apoio posíbel ás linguas dos diferentes pobos da Unión Europea.

Ninguén pode facer as cousas do xeito que nós as facemos, sen calcar o que noutros lugares se fai senón recreando a cultura, que é o que fai calquera pobo normal. Mais se nós, como grupo, como colectividade non nos damos valor, quen nolo vai dar? As linguas non se levan mal. Cada un de nós levamos, por fortuna, dúas xerminadas no noso maxín. Elas non guerrear, non se levan mal; elas complementáanse. O conflito é do que xa antes falamos, un conflito de sometemento e poder, non un conflito de linguas, senón dos seus usuarios.

É claro que cómpre darlle pulo á nosa lingua. Ter lingua propia nun país é un luxo; e non usala decote ou mesmo rexeitala, para min é simplemente ter complexo de que o de fóra é mellor có da casa. Mais o que parece ser mellor de fóra é a xente que valora o propio como nós non somos quen de facelo.

A lingua, calquera lingua, ou se defende con inmersión lingüística ou a cousa non vai ben. E que ninguén entenda por inmersión nada do que inmersión non significa. Para aprender a nadar ou o fas por inmersión ou non aprendes; nunha almofía ninguén pode nadar. Nas comunidades de España onde a lingua propia é o castelán, este estúdase por inmersión, que é o normal e o axeitado. Mais, polo visto, querer o mesmo para as outras tres linguas nosas (éuscaro, catalán e galego) é unha aberración, unha barbaridade. Debe ser porque as cordas vogais castelán falantes son máis nobres e valiosas cás dos demais. E que tampouco ninguén entenda que inmersión significa exclusión das outras linguas. Cantas máis linguas saibamos, mellor; e saber castelán perfectamente, ao noso xeito, sen tempos verbais compostos, é unha riqueza que non debemos perder; pero a primeira lingua ten que ser a propia, como Europa nos recomenda na Carta anteriormente citada e promulgada en Luxemburgo no ano 1992. É puro sentido común.

Supoñemos que escribir para cativos ou escribir para adultos non terá que ser tan diferente pero non impón un maior medo, respecto... o de facelo para a idades máis temperás?

Coido que é a mesma cousa escribir para uns que para outros. A diferenza está quizabes en que certos temas non son axeitados para a infancia, por non pertenceren ao seu mundo, e debemos

respectar o proceso madurativo das persoas. Pero isto non quere dicir que a literatura infantil sexa literatura de linguaxe escasa, doada ou melindreira. A infancia merece que lle escribamos coa máxima riqueza e beleza.

Nunha ocasión unha media ducia de persoas de diferentes lugares, que escribiamos literatura infantil e xuvenil, tivemos un encontro con Saramago, en Lanzarote. Falamos de canto quixemos, e nun momento o Nobel, que aínda non o era, dixo que admiraba o noso labor por escribirmos un tipo de literatura que el non era quen de facer. Evidentemente, sorrimos todos.

Bon, con esta anécdota apenas quero indicar que a literatura é literatura, boa, regular ou mala, independentemente que se trate de textos para adultos ou de textos que **tamén** pode ler a xente nova. Os adultos podemos gustar ou non da literatura infanto-xuvenil, como podemos ou non gustar da literatura fantástica, da novela policial ou dos *best sellers*, por exemplo.

Pode ocorrer que un lapis nas mans de Antón Cortizas actúe coma aquel lapis da nena Rosalía na obra *O lapis de Rosalía*?

Quen che me dera! Mais o lapis co que eu escribo adoita ser moi obediente e só risca as palabras remoídas no meu maxín, aquelas das que son consciente. E como eu traballo a pelo, dende a miña pouquidade, ás veces espelido e outras non, resulta que todo canto escribo é o que quero e son quen de escribir.

Quen che me dera ter un lapis que escribise comigo historias rebentadas de beleza e mestría! Mais, quen sabe, se cadra a miña man non escribe o que quere senón o que a sede de aromas lle ordena beber.

Supoñemos que tras máis dunha trintena de libros, especialmente de literatura infantil, xa un se crerá realmente un narrador de historias consagrado, ou non?

Non, non me considero escritor consagrado. É máis, coído que nin sequera me considero escritor. Teño para min que o listón do que gustaría de facer está tan alto que non son quen de chegar a el. Así que simplemente escribo cando podo, ou cando me propoño un reto marcándome uns obxectivos e unhas metas, mesmo de calendario; mais nin sempre consigo. Considérome algo así como un anacoreta neste mundo dos libros, e alí resgardado na choupana do meu mundo fago o que podo. Alén diso, isto de escribir non é o único que fago, non é a miña única afección, porque tanto como escribir gústame pasar o tempo enguedellado con ferramenta no meu obradoiro, facendo un tallo, un andel, unha copeta para as patacas ou argallando calquera trapallada inútil.

Curiosamente a primeira obra escrita de Antón Cortizas foi unha peza teatral (*O coleccionista de sombras*) e anos despois algunha outra obra dramática... Foi que non te sentías tan cómodo contando historias dende o teatro coma dende a narrativa ou será por mor de que a posta en escena para os máis cativos está máis abandonada?

Cando escribo non penso que o que fago o estou a facer para outros, senón para min mesmo. Para matar esa sede profunda que a veces un sente por imaxinar historias e escribilas para non as esquecer. Cando escribín teatro por primeira vez, coa idea clara de que estaba a escribir unha obra dramática, fíxeno para concorrer a un certame literario, comprobando con satisfacción o bonito que é inventar unha historia que parece que está a ocorrer de verdade.

O coleccionista de sombras foi a primeira obra coa que obtiven un recoñecemento literario, un premio, logo. Ende ben non foi a primeira en ser publicada. Esta foi *Memorias dun río*, coa que

obtiveron o Premio Barco de Vapor. E foi esta a primeira vez que tiveron nas miñas mans un libro propio, con masa, volume e densidade. Aínda que tampouco foi o primeiro que escribín, honra que lle corresponde a *Xiganano, onde estás?* Pero a primeira cousa editada, que outra xente puido ler, foi *A media muller*, un breve relato de dúas páxinas co que me deron o Premio Curuxa, do Museo do Humor do Concello de Fene, foi nun folleto con outras autorías. Aquilo aconteceu no ano 1987.

E sen deixarmos este xénero literario, obras dramáticas túas (*O coleccionista de sombras // O increíble invento de Solfis a pianista. // Xogando con gatos*) acadaron importantes premios literarios de teatro infantil. Non existe un baleiro moi importante na actualidade de certames teatrais para os máis cativos?

Non sabería dicir cantas convocatorias hai de premios de teatro. Cómpre reparar en que moitas das convocatorias de premios de literatura infantil están abertas aos tres xéneros, mais a poesía e a dramaturxia non xogan en igualdade de condicións coa narrativa. O que si podo dicir é que as obras de dramaturxia infantil que eu escribín foron para concorrer a certames, dos que souben que estaban convocados e me quedaba tempo para presentar algo: O Xeración Nós, o Xacobeo 93 de teatro para adultos e este último Manuel María de dramaturxia infantil. *O coleccionista de sombras*, por exemplo, escribino porque souben da convocatoria do Premio de Teatro Xeración Nós, a partir dun conto breve que xa tiña feito. Dramaticei o mesmo argumento, envieino a concurso e tivo fortuna.

Mais tamén teño que dicir, que as obras de teatro que escribín saíron adiante porque, como dixen antes, sentín gusto ao facelas. Escribir teatro é moi lindo. Lembremos iso de mudar o mundo... O autor vén sendo sendo “motor” das personaxes que fai saír e entrar cando estima oportuno, que as reboza de sentimentos e dálles a personalidade axeitada para o que queira que aconteza, como se manexase monicreques.

Por outra parte, o autor escusa escribir teatro se o que pretende é editar un libro. As editoras non editan, normalmente, obras dramáticas, porque o teatro véndese aínda menos que a poesía.

Eu tampouco escribín nunca coa idea de ver representada a obra. Das cinco que escribín e que foron premiadas, recoñecidas dalgún modo e editadas, de que eu saiba ningunha foi aínda representada por compañía teatral.

Como curiosidade, con outra obra dramática que non acadara premio, mais fóra finalista, tiveron a ousadía de enviala a unha editora. A resposta foi que así, en forma dramática, non a editaban; mais se a pasaba á narrativa, si. Fíxeno, escribín unha novela a partir daquel texto. E como calquera libro auténtico, aquela obra tivo unha vida, digamos que normal: foi editada, reeditada e descatalogada. Como obra de teatro permanece inédita.

E tamén te mergullaches na lírica narrativa (*Historias, e algún percance, todas ditas en romance...*) Outro reto literario ben importante e difícil, non?

Foi moi agradábel e divertido escribir ese libro de historias contadas en verso. Non teño a idea de que fose difícil, senón todo o contrario. Escribir é un reto sempre, e axuda moito facelo seguindo algúns moldes existentes, como é o caso do romance, do clásico e popular romance que é unha fermosa forma de contar historias, que a min me agrada moito, sempre me gustou. Hai fermosísimos exemplos na lírica universal. Non podería esquecer aquí o Romancero gitano, de Lorca. É unha xoia. Non sei, pero tal vez o verdadeiro gusto por esta forma de contar historias veña, quizabes, daqueles romances que de nenos cantabamos nos portais das nosas casas cando

chovía, ou cando xogabamos saltando á corda coas cativas, na rúa aquela do meu barrio que foi a matria da miña infancia.

No premio de “Literatura infantil O barco de vapor” ten un gañador con nome propio que é Antón Cortizas (*Memorias dun río // O conto dos sete medos // O gritos das illas lobeiras*). Que supón este certame para a nosa literatura infantil? E para Antón Cortizas?

Como dixen antes, *Memorias dun río* foi o primeiro libro que tiver na miña man, foi premiado e foi divulgado. E foi, tamén, o que me abriu a porta para publicar case ao mesmo tempo, esoutro libro que xa enviara a concurso da primeira convocatoria do Premio Merlín, sen éxito, claro. Era o xa citado Xiganano, onde estás?

Para min, como facedor de historias, isto foi moi importante, pois deume ánimo e alento para seguir nesta afección, que daquela era aínda incipiente, por máis que sempre teño practicado a escritura poética desde a adolescencia. Supoño que ese premio abriu as portas a outras obras.

Coido que os premios literarios son un motor da literatura. É de agradecer que existan e se sigan convocando. E este Barco de Vapor foi unha importantísima entrada no mundo da literatura infantil no noso idioma. Polo menos no meu caso foi así. Eu escribín varias obras adrede para concorrer a certos premios, algúns con sorte e outros sen ela. Para min, concorrer a un premio pode ser o aliciente que me poña a escribir algo de forma constante e con prazo fixo para dar rematado o labor.

Tamén o teu nome figura como gañador do “Premio Merlín” pola obra *A merla de trapo* onde, o mesmo ca moitas outras obras túas, a maxia está pero que moi presente... É a maneira máis doada de engaiolar ao lector infantil a través da presenza da maxia?

A maxia engaiola a calquera, nenos e adultos. Vladimir Propp describe as 30 funcións que pode conter calquera historia das chamadas marabillasas. Iso é así e funciona na literatura de nenos e de adultos, e tamén no cinema... Moitas novelas e filmes de grande éxito non son máis ca contos marabillosos, que seguen esquemas similares aos de Brancaflor, A flor do lililá, Branca de neve ou A bela adormecida.

Os elementos máxicos das historias forman parte da mitoloxía universal, esa forma argallada polos seres humanos para explicar o mundo... e para tentar comprendelo dalgunha maneira. E para os cativos a maxia é algo propio do seu mundo, porque o mundo infantil é marabillioso e san. Oxalá os adultos seguísemos sendo nenos grandes.

Por que o personaxe do merlo (*A merla de trapo // O merlo de ferro*)? Por certo, esta última obra foi reeditada cunha diferenza de case vinte anos... É isto símbolo de que a literatura infantil perdura no tempo ao contrario doutro tipo de narrativa?

O merlo é un paxaro fantástico. Déixase ver con facilidade e é marabillioso e xeneroso co seu canto. O merlo é vida, é natureza, agasalla sosego e paz.

Mais detrás do merlo de ferro e da merla de trapo están contadas de forma efectivamente máxica, metafórica, dúas vidas que foron as que a min me deron vida: a do ferreiro e da costureira que armaron niño e rechouchiaron xuntos toda unha vida.

En canto ao tempo que transcorre entre as concepcións dos libros e o seu nacemento público acontece de todo. Editar non é doado. Hai obras literarias que nada máis crealas, teñen fortuna e nacen en libro, e outras que dormen nos silencios das gabetas anos e décadas. E aínda,

determinadas obras que un escribe, semella que son creadas exclusivamente para un único lector: un mesmo.

Desas obras que lles toca durmir nun caixón durante anos e anos, ás veces se recupera unha da sombra e vólvese ler. Daquela, pode gustarche ou non, mesmo parecerche unha parvada. Se gustas dela, sálvaslle a vida e quizabes lle procures feliz destino concorrendo con ela a un premio literario, ou intentar ou reintentar vestila con fato de libro encadernado. *Xogando con gatos*, por exemplo vai ver a luz como libro, uns dez anos despois de ser escrito. Coido que se unha obra é, digamos, linda ou ben feita, o será sempre, independentemente do tempo transcorrido e das modas do momento.

O merlo de ferro foi editado por primeira vez no ano 1995, e A merla de trapo, no 2001. Os libros adoitan ter caducidade para as empresas editoras. Edítanos e cando lles cadra (polo motivo que sexa) descatalóganse e morren. Mais algúns son quen de renaceren, como é o caso de O merlo de ferro, que logo de ser reeditado tres veces en SM, foi descatalogado. Neste caso, o pesado do autor, non quería velo morto e acudiu a outra editora, Xerais, que o editou de novo bastantes anos despois de que vise a luz por primeira vez.

Moitas das veces tamén a literatura infantil ten que aportar unha boa dose de xogo para chegar con maior claridade ao lector -estamos a nos referir por exemplo á obra poética Vaia tropa-...

Esta é un fato de xente, xentiña e xentalla, unha tropa do carai, descrita en poesías breves, de cinco versos, máis ou menos ao xeito dos limeriks irlandeses.

Ao mesmo tempo que ía escribindo os versos, fun argallando maneiras diversas de presentalos para seren lidos de forma tan trapalleira como os mesmos personaxes son: en círculo, a través dun espello, de esguello, de arriba a abaixo, do revés, en espiral... É que a min gústame moito xogar coas palabras.

Vaia tropa vén sendo un libro para xogar lendo.

Neste mesmo espazo de entrevistas dicíanos Raúl Dans que se soamente escribes teatro parece que non es escritor e o mesmo tes dito ti referíndote á literatura infantil... Segues a pensar o mesmo? Séguese nalgúns sectores desprezando e infravalorando a nosa literatura infantil como tes criticado alá a comezos de século?

A cousa vai por aí. Refírome a todas as autoras e autores de literatura infanto-xuvenil, en xeral, aínda que hai excepcións. Segue habendo xente que cualifica a literatura polas temáticas que trata ou pola xente á que ao parecer vai dirixida. É como se un nefrólogo fose máis médico ca un pediatra. Como se un pianista fose máis músico ca un contrabaixista. Mais o que acontece é que son pétalos diferentes da mesma flor. Coa literatura infantil e xuvenil vén ser o mesmo.

Tampouco é que isto importe moito. Comentei antes que escribir libros e ter a sorte de editalos e de que os lea xente diversa non é a finalidade dunha persoa que escribe apenas porque sente a necesidade imperiosa de contar algo que lle está fervendo dentro, como a lava dun volcán. A min escribir non me dá fachenda nin me fai mellor persoa. Se escribo algo, do xénero que sexa e logo dun tempo o volvo ler (e ás veces corrixir de novo) e resulta que non me disgusta, doume por satisfeito.

Tampouco podemos pasar por alto o complemento ideal para esta literatura: a ilustración... ou non?

Por suposto que non se pode arrecunchar a ilustración. A ilustración embelece calquera libro e non só os dirixidos ás crianzas, maiormente ao daqueles lectores para os que, por idade a ilustración é un complemento básico para axudar a comprender a historia ou para facilitar e provocar o impulso lector. O ilustrador ou ilustradora entra de cheo na historia, imaxínaa, mestúraa ao seu xeito e cos seus fíos, para tecer e dar corpo físico ás palabras caladas dese texto escrito aparentemente silencioso.

Varias obras túas foron traducidas. Non se bota de menos a tradución da nosa literatura infantil como forma de normalizala cara fóra? Non deberían os poderes públicos potenciar esta tradución para espallar a literatura de noso?

A tradución e edición dunha obra en galego noutras linguas é froito de diversas circunstancias e casualidades, e non só da calidade que poida ter ou non a obra traducida. Teño para min que depende de circunstancias case sempre alleas a un mesmo, e conta máis o feito de estar no sitio axeitado e no momento oportuno, ou de cadrar a túa obra nun lote de intercambio entre editoras, e tamén pódese aplicar o dito de que máis vale caer en graza ca ser gracioso. Ou que eu teño un amigo que coñece a un editor que se cadra ten a ben editar, e digamos etcétera.

Ora ben, é evidente que a promoción das obras na nosa lingua propoñendo a súa tradución a outras linguas é bon, non só para a obra e para a súa autoría, senón tamén e quizabes máis, para a nosa lingua e a nosa cultura.